MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIOS ADECUADOS DE SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS (MASC) EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS, INCLUÍDOS OS ASUNTOS TRANSFRONTEIRIZOS, EN GALICIA NO ANO 2026

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, que establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, é de interese da Consellería fomentar a mediación extraxudicial para dar solucións prácticas, efectivas e rendibles a determinados conflitos entre partes, o que a configura como unha alternativa ao proceso xudicial ou á vía arbitral, contribuíndo á desxudicialización dos conflitos.

A mediación está construída arredor da intervención dun profesional neutral que facilita a resolución do conflito polas propias partes dunha forma equitativa, permitindo o mantemento das relacións subxacentes e conservando o control sobre o final do conflito. A mediación pode proporcionar unha solución extraxudicial económica e rápida a conflitos en asuntos civís e mercantís, mediante procedementos adaptados ás necesidades das partes. É máis probable que os acordos resultantes da mediación se cumpran voluntariamente, e tamén que se manteña unha relación amigable e viable entre as partes. Estes beneficios son aínda máis perceptibles en asuntos que teñan carácter transfronteirizo.

A Lei Orgánica 1/2025 de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, impón unha serie de reformas procesuais entre as que destaca a potenciación da negociación entre as partes, directamente ou ante un terceiro neutral, partindo da base de que estes medios reducen o conflito social, evitan a sobrecarga dos tribunais e poden ser igualmente adecuados para a solución da inmensa maioría das controversias en materia civil e mercantil.

ANTECEDENTES:

No desenvolvemento da competencia referida anteriormente, a Xunta de Galicia asinou en anos anteriores asináronse distintos convenios de colaboración con diversas institucións para poñer en marcha proxectos experimentais de mediación no ámbito de familia e no ámbito penal.

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: sCDwWxZAUV31 https://sede.xunta.gal/cve

A sinatura deste convenio ven xustificada polo feito de que se trata dunha primeira experiencia de desenvolvemento das modalidades de MASC tras a entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025**,** concretamente respecto dos servizos de invitación a negociar e oferta vinculante. A Administración autonómica, no exercicio das súas competencias en materia de xustiza, ten interese en impulsar actuacións que melloren a eficacia da Administración de Xustiza e favorezan a desxudicialización dos conflitos. A formalización do convenio permite articular unha resposta organizada, financiada e controlada para a implantación efectiva destes servizos en Galicia durante o ano 2026.

Neste contexto, os servizos que se pretenden financiar —invitación a negociar e oferta vinculante— constitúen instrumentos concretos e recoñecidos dentro do novo marco legal dos MASC. A súa posta á disposición das persoas beneficiarias do dereito á asistencia xurídica gratuíta permite que estas poidan cumprir co requisito de procedibilidade esixido pola normativa antes de acudir á vía xudicial, sen que a súa situación económica supoña un obstáculo para acceder a estes mecanismos. O convenio, polo tanto, garante a efectividade do dereito de acceso á xustiza en condicións de igualdade, facilitando que tamén as persoas con menos recursos poidan empregar os medios adecuados de solución de controversias antes da interposición dunha demanda civil ou mercantil.

Os servizos presentan, ademais, unha utilidade práctica evidente. A mediación e os medios negociados de solución de controversias ofrecen respostas máis rápidas, económicas e adaptadas ás necesidades das partes que o proceso xudicial ordinario, contribuíndo a preservar as relacións subxacentes e a favorecer o cumprimento voluntario dos acordos acadados. Estes beneficios son especialmente relevantes nos asuntos civís e mercantís, incluídos os transfronteirizos, nos que a flexibilidade, a rapidez e a conservación das relacións entre as partes poden resultar determinantes para unha solución satisfactoria do conflito.

A idoneidade do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña para prestar estes servizos tamén queda acreditada pola existencia dos Servizos de MASC ICACOR, creados por acordo do 23 de abril de 2025, que xa veñen funcionando con normalidade e ofrecen, entre outros, os servizos de oferta vinculante e invitación a negociar. A experiencia acumulada ata o 27 de abril de 2026, con 509 MASC tramitados, dos cales 237 foron ofertas vinculantes e 223 invitacións a negociar, evidencia a demanda real destes instrumentos e a capacidade operativa do Colexio para xestionalos de maneira efectiva.

Os servizos obxecto do convenio non se limitan á mera remisión dunha comunicación, senón que incorporan garantías de trazabilidade, acreditación e seguridade xurídica. Cando exista un correo electrónico de uso habitual da parte contraria, a invitación para negociar ou a oferta vinculante remitirase a través dunha canle de notificacións fidedignas, cunha plataforma operada por un terceiro independente e coa emisión dunha certificación de trazabilidade e de contido. Cando non se dispoña de correo electrónico, a remisión efectuarase por correo administrativo certificado con acuse de recibo, completándose igualmente coa correspondente certificación. Estas

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: sCDwWxZAUV31 https://sede.xunta.gal/cve

actuacións permiten deixar constancia do intento de solución extraxudicial e facilitan a acreditación do cumprimento do requisito legal previo á demanda.

En definitiva, a prestación destes servizos responde a unha necesidade pública concreta: facilitar a implantación efectiva dos MASC no ámbito civil e mercantil, garantir o acceso das persoas beneficiarias da asistencia xurídica gratuíta a mecanismos extraxudiciais esixidos ou promovidos pola normativa procesual, contribuír á desconxestión dos tribunais e ofrecer solucións máis áxiles, económicas e eficaces aos conflitos. A colaboración co Ilustre Colexio de Avogados da Coruña resulta, por iso, adecuada e proporcionada, tanto pola súa proximidade aos profesionais e ás persoas usuarias do sistema de xustiza gratuíta como pola existencia dun servizo específico xa operativo e con experiencia na tramitación deste tipo de actuacións.

O ámbito territorial limítase aos servizos desta tipoloxía solicitados por persoas beneficiarias do dereito de asistencia xurídica gratuíta e tramitados polo ICA Coruña.

FINALIDADE: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Ilustre Colexio de Avogados da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Ilustre Colexio de Avogados da Coruña para o establecemento dun sistema alternativo de solución de controversias en asuntos civís e mercantís, incluídos os asuntos transfronteirizos en Galicia no ano 2026.

Con este convenio preténdese ofrecer ás persoas beneficiarias do dereito á asistencia xurídica gratuíta, os servizos de invitación a negociar e ofertas vinculantes cando pretenda interpoñer unha demanda na vía civil ou mercantil incluída a asistencia xurídica gratuíta transfonteiriza, tendo acceso a un procedemento que facilite a resolución do conflito.

FINANCIAMENTO: A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colaborará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira deste convenio achegando a cantidade máxima de **TRINTA MIL EUROS** (30.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.**481.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña emitirá, con carácter mensual, a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sCDwWxZAUV31 https://sede.xunta.gal/cve

os MASC efectuados. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboar ao Ilustre Colexio de Avogados da Coruña os gastos que deriven da realización dos devanditos MASC nas cantidades establecidas na Cláusula terceira, cun pagamento único por cada intervención, que incluirá todos os gastos xerados pola intervención.

Para estes efectos, Ilustre Colexio de Avogados da Coruña xunto coa documentación que acheguen para a xustificación mensual da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as intervencións realizadas, especificando o procedemento, o nome das persoas profesionais e as actuacións que se xustifican.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o día da sinatura do convenio e o 23 de decembro de 2026, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite 28 de decembro de 2026.

O libramento do pagamento requirirá certificado que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

Asinado por: JOSE FRANCISCO TRONCHONI ALBERT
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 28/05/2026 15:12:53

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sCDwWxZAUV31 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela